



CURSO 2022/23



MEMORIA DESCRIPTIVA DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Introdución:

A educación dos fillos e fillas é unha difícil tarefa na que estamos inmersos tanto a escola como as familias, e na que a colaboración de ambas resulta esencial e altamente beneficiosa. Pretendemos Impulsar a formación e participación das familias a través da Escolas de nais e pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades»

Neste documento recolleemos que é o que pretendemos acadar coa nosa Escola de Familias, como queremos conseguilo e algúns aspectos que entendemos fundamentais para levar este proxecto adiante.

Realizaremos sesións co alumnado que potencien una educación desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva

Obxectivos:

- Proporcionarlles aos pais e nais un espazo para pensar e reflexionar, a través do intercambio de información relevante e de experiencias cotiás que favorezan o desenvolvemento de habilidades para resolver problemas e satisfacer as necesidades dos fillos e fillas.
 - Orientar e apoiar a función educativa das familias para previr e/ou solucionar posibles dificultades, avanzando na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, xunto coa prevención e erradicación da violencia contra as mulleres.
 - Ofrecer ferramentas e asesoramento ás familias para afrontar a súa labor educativa de forma máis eficiente promovendo a coeducación e promoción da igualdade e prevención da violencia contra as mulleres no eido educativo.
 - Favorecer a comunicación na familia e co entorno educativo.
 - Previr posibles consecuencias de problemas socioeducativos como condutas violentas, fracaso escolar, consumo e hábitos non saudables, educación afectivo sexual, violencia de xénero...
 - Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva
-

Metodoloxía:

As actividades serán levadas a cabo en dúas modalidades:

- 1.-**Charlas para pais/nais** de aproximadamente 20/40 participantes. Os temas que se tratarán serán como educar en igualdade coa literatura, como elixir un xogo ou xoguete sen esteriotipos de xénero.
- 2.-**Talleres para os/as familias** cun carácter eminentemente práctico coa participación de 20 familias acompañados dos seus fillos/as, onde presentaremos e xogaremos a xogos sen esteriotipos de xénero.
- 3.-**Obradoiro para os/as nenos/as** cun carácter eminentemente práctico coa participación de todos os alumnos do centro. Actividade que mestura teatro e xogo para resaltar a igualdade e o respecto como valores esenciais para a convivencia entre as persoas.

Actividades

Actividades para familias e docentes:

CHARLA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL, UNHA VIAXE EN FAMILIA

Data: outubro 2022

Lugar de realización: biblioteca do CEIP Mosteiro Bembrive

Relator: asociación Charlatana

Contido: como achegarse a literatura infantil e xuvenil los nenos/as. Como educar en igualdade coa literatura. Como espertar e manter o amor pola lectura dende a familia.

Modalidade: charla para pais/nais e mestres. 50% homes e mulleres

CHARLA CONTOS, CANTOS, POEMAS E XOGOS.

Data: outubro 2022

Lugar de realización: biblioteca do CEIP Mosteiro Bembrive

Relator: asociación Charlatana

Contido: importancia dos primeiros cantos, contos, poemas e xogos na educación infantil. Como educar en igualdade con este tipo de literatura.

Modalidade: charla para pais/nais e Mestres 50% homes e mulleres

CHARLA COMO ELEXIR UN BO AGASALLO DE NADAL.

Data: novembro 2022

Lugar de realización: biblioteca do CEIP Mosteiro Bembrive

Relator: María Couso de Play fun learning

Contido: Ofreceráanse propostas de xogos de mesa, agrupadas por idade e por habilidades cognitivas xerais para dar resposta as necesidades de xogo de calidade coa chegada do Nadal, tendo en conta que non hai xogos de nenas e de nenos e potenciando a coeducación.

Modalidade: charla para pais/nais, 50% homes e mulleres

Lugar de realización: biblioteca do CEIP Mosteiro Bembrive

CHARLA CEREBRO E XOGO

Data: novembro 2022

Lugar de realización: sala de mestres do CEIP Mosteiro Bembrive

Relator: María Couso de Play fun learning

Contido: funcionamento do cerebro nos procesos de aprendizaxe. Unha formación breve sobre neuroeducación e como os xogos de mesa facilitan a aprendizaxe. Tendo en conta que non hai xogos de nenas e de nenos e potenciando a coeducación.

Modalidade: charla para docentes, 10% homes e 90 % mulleres.

Servizo de canguro:

Para facilitar a asistencia dos pais/nais as charlas e os talleres ofertaremos un servizo de canguro para alumnado. Con previa reserva por escrito e que non excederá o número de 20 nenos/as. Contratarase a diversos profesionais que ofertarán talleres para nenos tendo en conta o aspecto de coeducación e igualdade. (dramatización, manualidades, pintura, Ioga, xogo...)

Actividades para alumnado:

OBRADOIRO REMANDO CARA A IGUALDADE

Data: outubro 2022

Lugar de realización: biblioteca do CEIP Mosteiro Bembrive

Artista: O baúl da tía Tola.

Contido: Actividade que mestura o teatro e o xogo para resaltar a igualdade e o respecto como valores

esenciais para a convivencia entre as persoas. Abordaránse aspectos como as cores, os xogos as profesións, personalidade e emocións de nenos e nenas.

Modalidade: teatro-xogo para alumnado, 50% homes e mulleres

TALLER XOGOS NO NADAL

Data: novembro 2022

Lugar de realización: aulas do CEIP Mosteiro Bembrive

Relator: María Couso de Play fun learning en colaboración co profesorado do CEIP Mosteiro Bembrive.

Contido: Taller práctico de xogos, trátase de ofrecer diferentes propostas de xogo para xogar en familia. Servirá para que as familias podan coñecer diferentes propostas de xogo coeducativo e coñezan os intereses dos seus fillos/as de cara as compras de nadal.

Modalidade: taller para familias. Pais/nais aompañados dos seus fillos/as, 50% homes e mulleres

Implicación do centro (profesorado/equipo directivo)

O profesorado pode participar voluntariamente nas charlas formativas de escola de familias e realizarase una sesión específica de profesorado (Charla cerebro e xogo) xa que os contidos traballaránse máis en profundidade que na charla de familias.

O CEIP Mosteiro Bembrive é un centro con longo percorrido no que se refire a participación familiar na escola, creando una comunidade de aprendizaxe real. O centro artella a colaboración das familias do centro a través de comisións mixtas de pais e nais e profesorado. Co fin de coordinar e organizar o traballo relacionado coa Escola de Familias decidiuse crear a Comisión de Escola de Familias, da que os pais e as nais poden decidir libremente formar parte, formará parte amén o profesorado voluntario, a orientadora do centro e un membro do equipo directivo. Esta Comisión organiza periodicamente reunións para realizar observacións, achegar ideas e avaliar os resultados. Preténdese tamén que, na medida do posible, as nais e os pais participantes na Comisión acheguen toda a información da que dispoñan sobre posibles relatores interesantes para charlas, temas de interese, ou calquera outra proposta pertinente.

As funcións da comisión familia-escola son:

- Ser oídos do que está a acontecer no noso concello en canto a formación de pais/nais. Aportar suxerencias ao noso Banco de recursos para futuras sesións.
- Ser motivadores e difusores das charlas e talleres nos grupos de referencia.
- Xestionar os talleres, charlas e obradoiros, ocuparse da súa organización a niveloxístico.
- Presentar documentación necesaria relacionada con empresas, subvencións, centros, asociacións, ONG...
- Recoller e analizar avaliacións periódicas para poder facer valoracións, e suxerencias documentadas e reais.
- Outras....

Modo de comunicación e publicidade:

A comunicación realizarase través de Abalar mobil, os grupos de difusión de WhatsApp da ANPA e redes sociais de Facebook e Instagram da ANPA, centro e de escola de familias Mosteiro.

A publicidade realizarase a través de cartelería de charlas e talleres que se difundirán a través da páxina web do centro, Abalar e redes sociais de facebook e Instagram de ANPA, centro escola de familias Mosteiro, así como a través dos grupos de difusión de WhatsApp da ANPA.

Seguimento e avaliación.

Realizaráanse as inscricións nas actividades de familias a través dun formulario en google drive. O longo do curso realizaráanse varias enquisas a través de google drive de satisfacción e suxerencias das familias que serán analizadas pola comisión de familia-escola para realizar posibles modificacións.

Enquisa de satisfacción da actividade.




O presente cuestionario pretende coñecer a súa opinión, co fin de identificar posibles melloras nas próximas actividades desenvolvidas pola **Escola de Familias do CEIP Mosteiro Bembrive**.

Esta enquisa é anónima. Valore de 1 a 10.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Conteúdo, en xeral, do curso impartido.										
Os contidos teñen interese para os seus fillos.										
Os contidos son aplicables ao seu día a día.										
O relato foi claro na súa exposición.										
A organización foi adecuada.										
O nivel de participación foi adecuado.										
Asistirá a outra charla.										
Recomendaría a asistencia a outros pais/familias.										
Observacións:										

CARÁCTER INNOVADOR DO PROGRAMA

Incorporaremos o uso das novas tecnoloxías nos modos de comunicación, inscrición en actividades, realización de actividades, publicidade e difusión así como na recollida de datos da enquisa de satisfacción.

As comunicacións realizarase a través de Abalar mobil, os grupos de difusión de WhatsApp da ANPA e redes sociais de Facebook e Instagram da ANPA, centro e de escola de familias Mosteiro.

Realizaráanse as inscricións nas actividades a través dun formulario de google drive.

Facilitaremos a asistencia as formacións de forma non presencial a través de gravacións das sesións e posterior difusión ou a través de videoconferencia coa aplicación da Xunta CISCO WEBEX. O formato dependerá dos relatores.

En canto a publicidade realizarase a través de cartelería de charlas e talleres que se difundirán a través da páxina web do centro, Abalar e redes sociais de facebook e Instagram de ANPA, centro e escola de familias Mosteiro, así como a través dos grupos de difusión de WhatsApp da ANPA.

Para coñecer o grado de satisfacción e posibles propostas de mellora realizaremos una enquisa a través de google drive que faremos chegar ás familias.

PRESUPOSTO DE GASTOS DO PROGRAMA outubro novembro 2022

CONCEPTO	DETALLE	IMPORTE
Gastos de las personas ponentes en charlas, talleres e obradoiros.	6 horas de charlas pais/ nais/ docentes 2 horas obradoiro familias 6 horas talleres alumnos	2700
Gastos derivados de actividade ou actuación	Cartelera y dossiers para familias	150
Outros gastos	Servizo de canguro	150
TOTAL		3000 €



CURSO 2022/23